

DECRETO NÚMERO 16009346 DO 01/12/2016

Ilma. Sra. dona Ana Prieto Nieto, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico.

Visto o Informe do Órgano Instrutor dos expedientes de subvención do PROGRAMA MUNICIPAL “(con)trato feito!” do Excmo. Concello de Lugo, de data 30 de novembro de 2016, do seguinte teor literal:

“INFORME RELATIVO AO NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE VALORACIÓN - PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL “CONTRATO FEITO”

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria do 7 de setembro de 2016, aprobou as bases e convocatoria do plan de emprego municipal “CONTRATO FEITO”, publicándose as anteriores no BOP de Lugo do 24 de setembro de 2016.

Unha vez finalizado o prazo de recepción de solicitudes en data 14 de outubro de 2016, procedeuse por este órgano instrutor a verificar a documentación presentada polas distintas entidades ou empresas solicitantes, detectándose diferentes erros ou ben en outros casos non se dispoñía da documentación preceptiva, polo que cumpre subsanar os devanditos defectos apreciados nas solicitudes.

Posteriormente se lles deu aos solicitantes un prazo de subsanación de defectos das súas solicitudes de 10 días hábiles, ata o 25 de novembro de 2016, e a contar dende o día 11 de novembro de 2016.

Finalizado o prazo de subsanación de defectos anterior, cómpre por este Órgano Instrutor impulsar a continuidade do procedemento, tendo en conta que unha Comisión de Valoración será a encargada de baremar as solicitudes en concurrencia competitiva do programa de subvencións Contrato Feito, é polo anterior polo que proponse agora proceder ao nomeamento dos integrantes da devandita Comisión que posteriormente se constituirá e baremará as solicitudes.

O órgano instrutor dos expedientes é o Departamento de Desenvolvemento Local adscrito á Concellería de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico do Concello de Lugo.

O órgano instrutor comprobou á data de hoxe o cumprimento dos requisitos expresados nas bases, sendo a comisión de valoración a encargada da valoración das solicitudes e asignación de puntuación e proposta de concesión da subvención.

A base nº 8 das “BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL “(con)trato feito!” DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO establece:

Desenvolvemento Local

IVC/ccm

Ref: contrato feito

Asunto: NOMEAMENTO INTEGRANTES COMISIÓN DE VALORACIÓN

“COMISIÓN DE VALORACIÓN.- *Estará integrada por un mínimo de tres persoas, funcionarias do Concello de Lugo”.*

E a base nº 9 das mesmas establece: “Sempre que se cumpran os requisitos establecidos nestas bases, a comisión de valoración prevista no artigo anterior valorará as solicitudes presentadas conforme criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das disponibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das subvencións no ámbito territorial e tendo en conta os seguintes criterios de valoración específicos, ata un máximo de 10 puntos...”

É canto procede informar e proponse finalmente ao Órgano competente que dicte resolución nomeando aos integrantes da Comisión de Valoración dentro do programa de emprego municipal “(con)trato feito!” do Excmo. Concello de Lugo.”

No uso das atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e en virtude de delegación da Alcaldía nos tenentes de Alcalde delegados de Área, segundo o seu Decreto número número 16005312, de data 5 de xullo de 2016,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Para poder levar a cabo a valoración e baremación das solicitudes presentadas dentro do DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL “(con)trato feito!” polos potenciais beneficiarios, realizar os seguintes nomeamentos dos integrantes da Comisión de Valoración, establecida nas bases nº 8 e nº 9 do devandito plan:

Comisión de Valoración:

- Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.
- Dona Isabel Villamor Cabado, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Departamento de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo
- Don César Castiñeira Muiña, Técnico de Xestión do Departamento de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Da presente resolución se dará publicidade a través da páxina web do Concello e do Taboleiro de Anuncios. Así mesmo, déaselles traslado aos integrantes da Comisión de Valoración que agora se nomean e as dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.